VIRUS SINCITIAL RESPIRATORIO

O virus respiratorio sincitial (VRS) produce un cadro de infección respiratoria tanto en nenos como en adultos. Aínda que a meirande parte das infeccións son leves, o VRS é a principal causa infecciosa de ingreso nos nenos no seu primeiro ano de vida e a causa principal, case única, de bronquiolite. Asemade, nos últimos anos estase a recoñecer a crecente importancia do VRS como causa de ingreso hospitalario por infección respiratoria en adultos, especialmente nos maiores de 60 anos.

A importancia do VRS como patóxeno respiratorio e a dispoñibilidade dun anticorpo monoclonal, Nirsevimab, que resulta efectivo para previr entre un 70 e un 80% dos ingresos de nenos cando pasan a súa primeira onda epidémica, levou a que en 2023 se incorporase ao calendario de inmunizacións de Galicia.

Debido á estacionalidade do circulación do VRS, Nirsevimab administrouse nunha campaña de recaptación aos nados entre o 1 de abril e o 24 de setembro de 2023, a todos os nenos nados dende o 25 de setembro nos primeiros días de vida, e aos menores de dous anos con factores de risco para ter unha infección grave por VRS.

Como se comentou, a circulación do VRS é estacional, cunha onda epidémica anual, que se define a partir dun limiar de onda que na actualidade se establece no 3% de positividade (ver a ligazón de abaixo). Coñecer cando o comeza a onda epidémica anual é necesario para establecer temporalmente a campaña de recaptación, e coñecer cando remata a onda, para establecen coando se interrompe a vacinación ao nacemento ata o ano seguinte.

No informe semanal de seguimento do VRS en Galicia que se pode baixar desta páxina, dáse conta do evolución do resultado da cobertura acadada pola inmunización con Nirsevimab, e a dos ingresos por VRS en diferentes grupos poboacionais de nenos e adultos.

Determinación do limiar da onda epidémica anual

Informes de seguimento do VRS en Galicia

Vacunación VRS